



**ASISTENTES:**

Aboal Somoza, Teresita  
Afonso Luis, Carina da Conceicao  
Alba Castro, José Luis  
Allegue Agüete, Pilar  
Álvarez González, Lara  
Álvarez Moreira, José Ángel  
Álvarez Pereira, Carmen Susana  
Álvarez Rodríguez, Pablo  
Andrés Iglésias, Jesús  
Anido Rifón, Luis Eulogio  
Area Carracedo, Iván Carlos  
Badaoui Fernández, Aida  
Barajas Alonso, Ángel Antonio  
Barcia Rodríguez, Ignacio  
Basalo Domínguez, David  
Beiro Rodríguez, Gabriel Rolando  
Bergantiños Cid, Gustavo  
Bergareche Gros, Almudena  
Bernal Gómez, Rosa  
Blanco Pesequeira, Antonia  
Bravo Bernárdez, Jorge  
Bueno Alonso, Jorge Luis  
Bustillo Bolado, Roberto Orlando  
Cabeza Pereiro, Jaime  
Cabeza Pereiro, M<sup>ª</sup> Del Carmen  
Cancela Carral, José María  
Cancela Outeira, Celso  
Carballo Castaño, Mónica  
Carballo González, Enrique  
Carballo-Calero Ramos, M. Victoria  
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel  
Cid Fernández, M<sup>ª</sup> Magdalena  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Cid Rodríguez, Xúlio Alberte  
Cid Sabucedo, Alfonso  
Cruces Colado, Susana  
De La Torre Fraga, Daniel  
De Miguel Palacios, Carlos  
De Oca Cancela, Guillermo  
Diéguez Castrillón, M<sup>ª</sup> Isabel  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fandiño Alonso, Jaime Francisco  
Fariñas Valiña, Iago  
Fernández Fernández, Federico A.  
Fernández Manín, Generosa  
Fernández Olivera, M<sup>ª</sup> Luisa  
Fernández Pulpeiro, Ana  
Fernández Sobrino, Ramón Ángel  
Fernández Souto, Ana Belén  
Gago Bugarín, Diego José  
Gago Rodríguez, Alberto  
Gallego Veigas, Pedro Pablo  
Gálvez Gálvez, Juan Francisco  
Gándara Pérez, José Antonio  
García Camba, Xavier  
García Cuadrín, Francisco Javier  
García Estévez, José Manuel  
García Gil, Soledad  
García Mateo, Carmen  
García Soidán, José Luis  
García Soidán, María Del Pilar  
García Vázquez, José Manuel  
García Vázquez, Manuel  
Garrido Suárez, Carlos  
Gil Villanueva, José M<sup>ª</sup>  
Gómez Fernández, Sadóth

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 26 de maio de dous mil nove, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Paraninfo da Reitoría da Universidade de Vigo.

O martes, **día 26 de maio 2009**, ás 10:35 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Debate de emendas e aprobación, se procede, dos Estatutos da Universidade.

O reitor expón que, de conformidade co acordo da Mesa do Claustro de 19 de maio de 2009, o procedemento que se vai seguir para a aprobación dos Estatutos é o seguinte:

En primeiro lugar, exposición xeral por parte da Presidenta da Comisión de Estatutos do proxecto de Estatutos da Universidade.

En segundo lugar, presentación das emendas e defensa das mesmas polo emendantes. Debate sobre as mesmas e votación. Inclusión no seu caso das mesmas ao texto.

En terceiro lugar, abrirase unha quenda de intervencións xerais sobre os Estatutos e se procederá á votación da proposta de Estatutos.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral para a exposición xeral do texto presentado.

A secretaria xeral expón que a disposición adicional oitava da Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica de Universidades (6/2001, de 21 de decembro), establece que as Universidades adaptarán os seus Estatutos conforme ao disposto nesta lei nun prazo máximo de tres anos.

De acordo con ese mandato, na sesión do Claustro de 12 de decembro de 2006 créase a Comisión encargada da adaptación dos Estatutos á LOU, e no Claustro de 14 de febreiro de 2007 son elixidos os seus membros.

Gómez Rodríguez, Afma María  
 González Cespón, José Luis  
 González Pillado, Esther  
 González Piñeiro, Luis  
 González Vázquez, Encarnación  
 Graña Rodríguez, Ana María  
 Guerrero Saco, Alejandro  
 Hernández Sánchez, Jesús  
 Iglesias Briones, María Jesús  
 Jato Rodríguez, María Victoria  
 Lago Ferreiro, Alfonso  
 Legido Soto, José Luis  
 Liste Fernández, Araceli Mercedes  
 Llamas Nistal, Martín  
 Loeck Hernández, Juan  
 López Iglesias, Manuel  
 López Vidal, María Del Pilar  
 Lorenzo García, Lourdes  
 Lorenzo Merino, Fernando José  
 Macías Cambra, Enrique Antonio  
 Martí Pellón, Daniel  
 Martín Lucas, Belén  
 Martínez Piñeiro, Ana Belén  
 Mascuñán Tolón, Patricia Silvia  
 Membiela Iglesia, Pedro  
 Menéndez González, Hugo  
 Míguez Tabarés, José Luis  
 Mojón Ojea, Artemio  
 Montero Muñoz, María  
 Moure Rodríguez, María José  
 Navaza Dafonte, Francisco  
 Nogueiras Meléndez, Andrés A  
 Nombela Castaño, Miguel Ángel  
 Otero Camiña, José Luciano  
 Palacio Sánchez, Xosé Antonio  
 Pardo Froján, Juan Enrique  
 Paz López, José  
 Pazó Martínez, M<sup>a</sup> Consuelo  
 Peleteiro Salgado, José  
 Pena Rodríguez, Alberto  
 Pérez Cota, Manuel  
 Pérez Iglesias, M<sup>a</sup> Teresa  
 Pinés León, Pablo  
 Pombal Diego, Manuel Ángel  
 Pose Blanco, José  
 Prada Blanco, Albino  
 Prado Prado, José Carlos  
 Puga Alonso, Javier  
 Rama Martínez, M<sup>a</sup> Esperanza  
 Ramos Cabrer, Manuel  
 Riobó Fernández, Aida  
 Rodil Fernández, Olalla  
 Rodríguez Berrocal, Francisco Javier  
 Rodríguez Sampayo, Arturo  
 Romo Pérez, M<sup>a</sup> Carmen  
 Sáez Ocejo, José Luis  
 Sánchez Bello, Patricio Alfredo  
 Sieiro Vázquez, Carmen  
 Soto Carballo, Jorge  
 Soto Iglesias, Enrique  
 Suárez Pazos, Mercedes  
 Sueiro Justel, Joaquín  
 Teijeira Bautista, Marta  
 Terán Moldes, M<sup>a</sup> Del Carmen  
 Tojo Suárez, M<sup>a</sup> De La Concepción  
 Tourón Estévez, Sonia  
 Vallejo Pousada, Rafael  
 Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
 Varela Martínez, Iago  
 Vázquez Dorrió, José Benito  
 Vázquez Vázquez, Manuel

Unha vez constituída a Comisión, iniciouse a elaboración dun documento de traballo que incorporou aos Estatutos todos os cambios derivados da Lei Orgánica de Modificación da LOU, do Estatuto Básico do Empregado Público, da Lei de contratos do Estado e da Lei de igualdade entre homes e mulleres. Na elaboración deste documento acadouse un amplo consenso pola Comisión que se plasmou na aprobación dun anteproxecto de Estatutos.

De acordo co procedemento de aprobación da modificación dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro o 17 de marzo de 2009, una vez que a Comisión acadou un anteproxecto de Estatutos o remitiu ao presidente da Mesa do Claustro, que á súa vez o puxo á disposición de todos os claustrais para a presentación de emendas durante un prazo dun mes.

Rematado o prazo concedido, a Comisión analizou as emendas presentadas polo claustrais e incorporou ao texto aquelas que tiveron o apoio necesario e que supoñían una mellora do mesmo. Novamente no debate das emendas houbo un amplo consenso na Comisión e só se remitiron ao Claustro tres emendas que foron rexeitadas pola mesma pero que de acordo co procedemento aprobado polo Claustro, teñen dereito a ser debatidas no mesmo ao ter o apoio dunha cuarta parte dos membros da Comisión.

As liñas xerais do texto consensuado pola Comisión que se presenta a este Claustro son:

1.- Equiparación do profesorado con vinculación permanente á universidade ao profesorado funcionario; iso reflíctese, por exemplo, na representatividade en órganos colexiados (así, no Claustro, o 51% do mesmo estará formado non por funcionarios doutores senón por profesores doutores con vinculación permanente á universidade; tamén os profesores con vinculación permanente poderán presentarse a cargos académicos como decano ou director de centro ou departamento.

2.- Adaptacións derivadas da nova regulación de determinadas figuras de profesorado: contratado doutor (que xa non poderá ser contratado a tempo parcial); a desaparición do profesor colaborador; e a consideración do Titulares e Catedráticos de Escola Universitaria como figuras a extinguir. En relación ao profesorado funcionario, o cambio

Vázquez Vicente, Xosé Henrique  
 Vera Isasa, María  
 Vila Alonso, M<sup>a</sup> de las Mercedes  
 Vila Pumares, Cristina  
 Yáñez López, José Carlos

**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:**

Barreiro Blas, Antonio  
 Bringas López, Ana  
 Correa Otero, José María  
 Godoy Malvar, Eduard  
 González Crespán, M<sup>a</sup> Araceli  
 Vera Isasa, María

no modelo de selección de profesorado funcionario, que pasa da habilitación á acreditación.

3.- En materia de titulacións, se recolle no novo texto a estrutura propia xerada polo novo escenario de adaptación ao Espacio Europeo de Educación Superior, é dicir, grao e máster universitario e doutoramento. Todo o relativo á actual estrutura das titulacións (licenciaturas e diplomaturas) recóllese no texto en disposicións transitorias como garantía para todos os alumnos matriculados nesas titulacións e ata a súa total extinción en 2015.

4.- Introdúcense modificación derivadas da necesidade de manter a paridade entre homes e mulleres nos distintos órganos e comisións. E tamén se fixo unha revisión da linguaxe de xénero empregada no texto.

5.- Por último, incorpóranse cambios para revitalizar o Claustro como órgano de representación da comunidade universitaria; así, o Claustro deberá aprobar as liñas xerais de política orzamentaria antes da aprobación polo Consello de Goberno do proxecto de orzamento que se remitirá ao Consello Social para a súa aprobación definitiva; ou informar sobre as novas titulacións de grao da Universidade de Vigo así como a facultade ou escola á que se adscribe.

Seguidamente, o Reitor sinala que téñense presentado tres emendas que foron rexeitadas pola Comisión pero ao obter o apoio da cuarta parte dos membros da mesma teñen dereito a ser debatidas no Claustro.

As emendas as teñen todos os claustrais na documentación e son:

- 1.- Unha modificación do artigo 4, parágrafos 1 e 3.
- 2.- Incorporación dun apartado 1) no artigo 100.1.
3. Modificación dos artigos 35.1 e 57.1.

**Punto 1.** Cédese a palabra aos emendantes:

Emenda nº 1:

Intervén o Sr. Varela que comeza dando parabéns aos membros da Comisión de Estatutos e seguidamente solicita que, ante a posibilidade de que se chegue a un acordo sobre as emendas 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup> e poder presentar una emenda transaccional, se suspenda o Claustro para permitir esa transacción.

O reitor, despois de consultada a mesa, suspende a sesión do Claustro durante cinco minutos.

Reanúdase a sesión do Claustro, o reitor da a palabra ao Sr. Varela quen expón o contido concreto da emenda transaccional, no seguinte sentido:

Se retira a emenda nº 2 relativa ao apartado l) no artigo 100.1 do proxecto de Estatutos e o artigo 4 quedaría co seguinte texto:

1. ● *galeg● é a lingua propia da Universidade de Vigo.*
2. *A Universidade de Vigo promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que garantan o uso pleno da lingua galega en todas as súas actividades docentes, investigador, administrativas e de servizos.*
3. *A Universidade de Vigo establecerá mecanismos para que, nos procesos de acollida dos diferentes membros da comunidade universitaria, se favoreza o coñecemento suficiente da lingua galega.*
4. *Nos procesos de selección de persoal valorarase positivamente o coñecemento da lingua galega e do resto das linguas oficiais da Unión Europea.*

Ábrese unha quenda de intervencións:

Intervén o Prof. Cabeza quen sinala que en nome de Nova Universidade anuncia o seu voto favorable aos Estatutos. Engade unha reflexión indicando que os Estatutos deben ser unha peza de dereito efectivo e aplicable. Así o art. 4 ten unha gran importancia e empra a xerencia da Universidade para que nas RPTs se afonde neste aspecto.

Intervén a secretaria xeral para indicar que para proceder á votación se empregarán cartolinas de distinto cor. A de cor vermello é para o voto a favor da emenda. A de cor amarelo será para o voto en contra. A branca é para a abstención.

Procédese á votación.

Feito o recuento, o resultado é o seguinte:

Votos a favor da emenda: 98.

Votos en contra: 8.

Abstencións: 16.

Tendo en conta o resultado, incorpóranse ao texto dos Estatutos as modificacións aprobadas do artigo 4.

Téndose retirada a segunda emenda, o reitor da a palabra aos emendantes da terceira presentada, relativa aos arts. 35.1 e 57.1.

Intervén o Sr. Federico Fernández, quen sinala que a LOU fixo que o proceso electoral relativo ás eleccións de reitor variara e que foxe unha elección de carácter universal en lugar de facerse a través do Claustro. Entende que con isto se desvirtúa o Claustro e a súas competencias, en canto nel están presentes todos os sectores representados. Outro argumento a favor de que a

elección sexa polos membros do Claustro é o carácter ponderado do voto, que fai que os votos dos distintos sectores no teñan o mesmo valor. Fai referencia tamén ao gasto que supón unha elección universal e reitera que trátase de dar pulo ao Claustro.

Solicítase polo Sr. Federico Fernández co apoio de 8 claustrais máis que a votación sobre esta emenda sexa secreta.

Intervén o Sr. Cebro que anuncia en primeiro lugar o seu voto a favor dos Estatutos, con independencia do resultado desta emenda, en canto considera que é un texto beneficioso para a comunidade universitaria no seu conxunto.

En relación á elección de reitor sinala que o sistema actual procede dunha imposición da LOU, que no seu momento provocou unha grande mobilización. Expón seguidamente as razóns polas cales foi rexeitada a LOU polos distintos colectivos da Universidade, entres elas destaca a composición dos consellos de goberno dando ao reitor un gran poder e a eliminación de competencias do Claustro e, entre elas, a elección do reitor pola Comunidade Universitaria, cun voto ponderado que establece “castas” dentro da comunidade universitaria. Entende que é un sistema perverso debido a que non existe ningún sistema democrático onde un voto teña un valor 5 veces maior que outro. Do que se trata é de que todos os votos teñan o mesmo valor. E aquí recorda o voto antiLOU, pedindo que se volva á democracia na Universidade e que sexa o Claustro, o máximo órgano da Universidade o que elixa ao reitor.

O Prof. Legido intervén para sinalar que a propia LOU é a que marca a ponderación e Nova Universidade entende que o Claustro é cada vez máis protagonista, así, é importante que o Claustro teña poder en materia de lexislación ou outras competencias, pero aquí consideran que toda a comunidade debe participar na elección do reitor que se saiba que ten a confianza de toda a comunidade universitaria.

A secretaria xeral sinala que xa nas sesións da Comisión de Estatutos púxose de manifesto que, sendo as dúas opcións, a elección a través do claustro ou pola comunidade universitaria, respectuosas cos principios democráticos, unha vez dado o paso cara á elección do reitor por toda a comunidade universitaria, posibilitando a votación directa de todos os membros de todos os sectores, iso repercutía moi positivamente na implicación de todos na política universitaria. Polo tanto, decidiuse deixar as cousas como están nos actuais Estatutos.

O reitor, como representante de Alternativa Universitaria, considera que é moi gratificante que este sexa o único punto que queda por debater no conxunto dos Estatutos, tendo en conta todos os aspectos tan importantes que se inclúen nos mesmos. O reitor considera que non é necesario entrar nesta cuestión en canto non existe razón de fondo, nin técnica nin política para facer o cambio no sistema de elección do reitor.

Rematadas as intervencións, procédese á votación.

Feito o reconto, o resultado é o seguinte:

Votos a favor da emenda: 32

Votos en contra: 92

Abstencións: 5

Tendo en conta o resultado, non se modifica o texto.

O reitor sinala que, rematado o debate sobre as emendas, procédese á votación do proxecto de Estatutos.

Sr. Varela recorda que en nome dos Comités anuncia o apoio ao texto.

Prof. Gallego, á vista da última redacción do art. 100: en nome da Asociación de Profesores Titulares de Universidad, fai unha alegación sobre o citado precepto que consta no **anexo I**.

O Prof. Lago, fala en nome de Nova Universidade e agradece aos membros da Comisión de Estatutos o seu traballo na mesma. Fai referencia concreta á colaboración dos membros do PAS polo traballo feito e polas emendas retiradas e alude ao traballo feito polos representantes de Nova Universidade que baseouse en aspectos concretos como a revitalización do Claustro, engadindo competencias como a emisión de informes vinculantes á proposta de programación plurianual, titulacións ou creación de centros. Finalmente, destaca a importancia do texto e pide que o mesmo non quede nun brindis ao sol e que se reproduza despois nos regulamentos de desenvolvemento imprescindibles para a súa eficaz aplicación.

Sr. Cebro quere agradecer aos membros da Comisión a seu traballo e sobre todo á secretaria xeral. Sinala que houbo un consenso maioritario de case todo o texto e só tres emendas para debater aquí. Pon de manifesto a necesidade de continuar cos regulamentos, especialmente o Regulamento de Pas. Recorda que os Estatutos son as regras de xogo de toda a comunidade universitaria, e engade que o Pas votará a favor e vai cumprir os Estatutos e pide ao equipo de goberno que tamén o faga.

A secretaria xeral, como presidenta da Comisión de Estatutos, agradece a todos o membros da comisión o seu esforzo e traballo e pon de manifesto que o traballo foi moito por parte de todos pero que, en todo momento houbo boa disposición para avanzar e acadar acordos.

O reitor sinala que o documento que se presenta hoxe é froito dun gran esforzo e, polo tanto, anuncia o voto do seu grupo a favor. Anuncia que neste momento, aprobados os Estatutos, poñerase en marcha o traballo para continuar cos regulamentos.

Recorda a secretaria xeral que de acordo co art. 166 dos Estatutos, a aprobación require:

- En primeira votación, o voto favorable da maioría absoluta do Claustro (117 votos).
- En segunda votación, 2/3 dos claustrais presentes sempre que o mesmo sexa igual ou superior á metade dos membros do Claustro (necesítanse 117 claustrais de quórum e, como mínimo, 77,3 votos).

Reitera a secretaria xeral que se empregarán cartolinas de distinto cor. As de cor vermello son para o voto a favor da emenda. A de cor amarelo será para o voto en contra. A branca é para a abstención.

Votos s favor dos Estatutos: 127  
Votos en contra:0  
Abstencións: 3

Enténdense aprobado o Proxecto de Estatutos que se remitirá a normalización lingüística para a súa revisión e despois á Xunta de Galicia para o control de legalidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:15 horas do día 26 de maio de 2009, da que eu como secretaria xeral dou fe co Vº e pr. do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther Mª González Pillado